



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Unha ves fun ao monte, que lle vou contar un conto.

Unha ves fun carghar un carro ao monte. E de ir, carghamos un carro moi ghrande, e non había cabestro que cheghase, non nos cheghaba o cabestro. E fui un señor que estaba alí cerca de nós rosando e sacou un pelo do peito e pra unha volta non cheghaba e pra vinte sobrava, un pelo do peito.

Bueno meu fillo...

... recorrín o monte enteiro e cheghei a casa e dixéronme:

-“E mañá iremos buscar o mato que apañastes”.

E díxenlle eu (cantado):

Fun apañar ás Lagoas
apañei sete panadas
e corrín catorce croas.

Con sete panadas non había onde ir.